

## A Mesa do Parlamento

**José Manuel Lage Tuñas**, deputado do **Grupo Parlamentario do PSdeG-PSOE**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**, sobre a ampliación do seguro colectivo dos mariñeiros que ten á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos inmigrantes que están embarcados en buques galegos.

No outubro de 1990 creouse un seguro colectivo para os pescadores galegos independentemente do barco no que estiveran enrolados. Incluíase tamén os mariscadores con Permex e mais tarde añadéronse os membros da Cruz Vermella que estivesen participando en labouras de salvamento.

A filosofía deste seguro, fai quince anos, foi que os mariñeiros galegos estiveran cubertos por un seguro de accidentes dado o alto grado de siniestrabilidade no sector sen a necesidade de traballar nun barco galego.

Sen embargo, nestes anos a realidade do mundo do mar galego mudou bastante. Aínda que todavía temos unha grande parte de mariñeiros embarcados en buques con bandeiras de outros países, nos nosos barcos, cada vez hai mais tripulantes de outras nacionalidades. O embarque de caboverdianos, peruanos ou guineanos nos buques galegos é xa unha realidade que non ten volta atrás.

Polo exposto anteriormente o deputado que asina esta iniciativa presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión.

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

Que amplíe a cobertura do seguro de accidentes que ten concertado para os mariñeiros galegos a todos aqueles outros pescadores que estean enrolados en barcos galegos independentemente da súa nacionalidade.

Pazo do Horreo, 13 de setembro de 2005

José Manuel Lage Tuñas  
Deputado do PSdeG-PSOE